

## Completa o texto de Hobbes

A condición natural segundo Thomas Hobbes

### Instruccións

Completa o texto reenchendo cada recadro coa palabra axeitada, que debes elixir entre as palabras propostas na lista que se che ofrece. Coidado coa ortografía, xa que a falta de acentos ortográficos, por exemplo, ou a súa colocación equivocada, ou a confusión de letras maiúsculas e minúsculas, devolverá un erro. As palabras propostas poderían ter que estar dúas veces no texto.

Se o teu teclado non posúe a letra "ñ" obterás tamén un resultado erróneo, o que podes evitar copiando e pegando a palabra en cuestión no recadro correspondente; noutro caso, mira as respostas correctas e, (só se a ausencia do "ñ" é a causa do erro), considera válida a túa resposta.

### Exercicio

Lista de palabras (15)

“poder , dominio, ben, facultade, virtudes, só, inxusto, guerra, conservalo, relativas, posibilidade, penosa, tomar, inxustiza, home”

Desta \_\_\_\_\_ de todo home contra todo \_\_\_\_\_, é tamén consecuencia que nada pode ser \_\_\_\_\_. As nocións de \_\_\_\_\_ e mal, xustiza e inxustiza, non teñen alí lugar. Onde non hai \_\_\_\_\_ común, non hai lei. Onde non hai lei, non hai \_\_\_\_\_. A forza e o fraude son na guerra as dúas \_\_\_\_\_ cardinais. A xustiza e a inxustiza non son \_\_\_\_\_ algunha nin do corpo nin da mente. Se o fosen, poderían estar nun home que estivese \_\_\_\_\_ no mundo, como os seus sentidos e paixóns. Son calidades \_\_\_\_\_ a homes en sociedade, non en soidade. É consecuente tamén coa mesma condición que non haxa propiedade, nin dominio, nin distinción entre meu e teu; senón só aquilo que todo home poida \_\_\_\_\_; e por tanto tempo como poida \_\_\_\_\_. E ata aquí o que se refire á \_\_\_\_\_ condición na que o home se atopa de feito por pura natureza; aínda que cunha \_\_\_\_\_ de saír dela, consistente en parte nas paixóns, en parte na súa razón.

## Solución

Desta **[guerra]** de todo home contra todo **[home]**, é tamén consecuencia que nada pode ser **[inxusto]**. As nocións de **[ben]** e mal, xustiza e inxustiza, non teñen alí lugar. Onde non hai **[poder]** común, non hai lei. Onde non hai lei, non hai **[inxustiza]**. A forza e o fraude son na guerra as dúas **[virtudes]** cardinais. A xustiza e a inxustiza non son **[facultade]** algunha nin do corpo nin da mente. Se o fosen, poderían estar nun home que estivese **[só]** no mundo, como os seus sentidos e paixóns. Son calidades **[relativas]** a homes en sociedade, non en soidade. É consecuente tamén coa mesma condición que non haxa propiedade, nin **[dominio]**, nin distinción entre meu e teu; senón só aquilo que todo home poida **[tomar]**; e por tanto tempo como poida **[conservalo]**. E ata aquí o que se refire á **[penosa]** condición na que o home se atopa de feito por pura natureza; aínda que cunha **[posibilidade]** de saír dela, consistente en parte nas paixóns, en parte na súa razón.